

CONCELLO DE AS NEVES

PLAN DE MOBILIDADE URBANA

SUSTENTABLE


QUE É UN PMUS E PARA QUE SERVE?

Un PLAN DE MOBILIDADE URBANA SUSTENTABLE (PMUS) é unha **ferramenta básica para a planificación e a toma de decisións** entorno á mobilidade no concello, así como para poder acceder aos fondos europeos de mobilidade sustentable. Pero, isto que quere dicir?

O obxectivo do PMUS é **atopar entre todas/os maneiras de mellorar a mobilidade no concello**. Concretamente, céntrase en tres ideas: facer que o xeito de movernos a diario sexa máis sustentable (ecolóxica, social e economicamente); facer máis eficiente o sistema de desprazamentos no concello e facilitar que teñamos hábitos de mobilidade máis respectuosos co medio ambiente, que nos axuden a aforrar recursos. Ademais, trata de facer a vila máis accesible para todas as persoas reducindo barreiras arquitectónicas, mellorando a relación entre peóns e vehículos e facilitando o acceso aos transportes públicos. En conclusión, garantir unha mellor calidade de vida para toda a cidadanía, promovendo melloras na contorna, na inclusión social e deseñando estratexias para reducir as emisións de CO2.

QUE TIPO DE DATOS SE VAN A RECOLLER?

Para conseguir isto estase a estudar, con distintas metodoloxías, **o xeito en que nos desprazamos** a pé, en bicicleta, en vehículo privado ou no transporte público, e **o modo en que utilizamos os espazos públicos** (as rúas, as prazas, as zonas verdes, etc). Interesa coñecer os desprazamentos que facemos tanto dentro do propio concello como a outros da contorna; ben que os fagamos para as nosas actividades diarias (o traballo, a escola, a compra...) como no noso tempo de lecer. Analizaranse tamén os aparcadoiros, os problemas de seguridade viaria e a configuración das rúas, para ver por exemplo, onde hai beirarrúas e onde non.



COMO PODO CONTRIBUIR / OPINAR SOBRE O PMUS?

Ademais das análises técnicas que realiza a equipa redactora, pedimos a vosa colaboración para que nos aportedes información e opinións que son vitais á hora de elaborar o PMUS, pois a poboación é a maior coñecedora dos problemas e virtudes do concello, así como dos hábitos de mobilidade e de uso do espazo público.

Podedes contribuir tanto cubrindo a enquisa, como participando nas mesas veciñais. Gracias a vos poderase facer un plan máis realista e adaptado ás vosas necesidades.

QUE PASARÁ DESPOIS?

Toda esta información servirá para preparar **estratexias e propostas concretas que pasarán a formar parte do plan**. Estas propostas estarán integradas en liñas de actuación financiadas pola Unión Europea, o Estado, a Xunta e a Deputación, a través de distintas liñas de axuda. **O PMUS entregárase ao concello como documento de base para a toma de decisións e a busca de financiación en materia de mobilidade**. Así mesmo, os Plans de Mobilidade dos concellos da provincia serán recompilados e analizados pola Deputación de Pontevedra para elaborar estratexias conxuntas de mellora da mobilidade e de integración territorial a escala provincial. Por último, debemos de ter claro que os PMUS son documentos técnicos informativos e analíticos, fundamentais para o establecemento de estratexias e prioridades; son unha ferramenta para axudar a tomar decisións, máis non son por si mesmos unha figura legal.



Concello
As Neves

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

